



Paula Gago

PIANISTA ACOMPAÑANTE

Historial Académico

Naeu en Marín en 1978 e comezou os seus estudos musicais aos oito anos na escola de música do seu pobo natal. Formouse nos conservatorios de Pontevedra e Santiago de Compostela obtendo os títulos de mestra superior de pianos e mestra superior de música de cámara con altas calificacións.

Foi alumna de M^a Dolores Santos, Lorenzo de los Santos, Margarita Pardavila, Javier del Río, Alejo Amoedo, Marina Shamagian e Dalibor Sebestik. Ao finalizar os seus estudos oficiais seguiu formándose coas concertistas Tsiala Kvernadze e Rouzan Badalian. Asistiu a cursos con Agustín Serrano, Ireneusz Jagla, Violeta Hemsy de Gainza, Hilomi Sakaguchi, Imre Rohmann, Alexander Gold e Ilona Timchenko. Como oínte estivo en cursos impartidos por Zoltán Kocsis, Lilya Zilberstein, Yuri Popov e Iván Martín entre outros. O seu interese pola música de cámara fixo que realizase estudos de viola con Marcos Legrá e Wladimir Popov.

Experiencia

Desde 1995 dedícase intensamente ao acompañamento de instrumentistas de todas as especialidades en probas, concertos, cursos e concursos. Pertenceu a varios grupos de cámara con músicos de renome e tocando con numerosas agrupacións bandísticas. Foi pianista da Banda Filharmónica de Galicia e da Banda Sinfónica da Federación de Bandas Galegas. Tamén colaborou coa Orquestra Filharmónica Cidade de Pontevedra Na actualidade pertence á Banda Municipal de Valga e é a pianista da Camerata Arven.

Participu como mestra pianista nos cursos impartidos por Marie Bernardette Charrier, Pablo Coello, Martín Baleirón, "Cuarteto di basseto", Luis A. González Amosa, Javier Vidal, "Quintet Pentaфонía", Alberto Busto, Saúl Canosa, Iago Lariño, Julio Álvarez, Alberto Urretxo, José M. González Diego, Rodolfo Epelde, Byron Fulcher, Marcos Fernández, Vicente Alberola, Mariola Gil, Guillermo Collazo, Cuarteto "Divertimento", José Forte, Petur Eiriksson, Adrián Pais, Xavier Casal, Javier Morgade, "Fukio Ensemble", Natalia Arestova, André Cebrián, Alberto Arribas e Ángel Luis Quintana.

Tamén acompañou a un grande número de coros e solistas en concertos e na preparación de cantatas, zarzuelas, arias e coros de ópera. Participou en festivais e ciclos de concertos e colaborou con moitas escolas e conservatorios galegos.

Leva máis de dúas décadas ensinando piano e continúa exercendo a docencia nas Escolas de Música Valga e Pops Ribeira. Actualmente é pianista acompañante e mestra de repertorio con piano e piano aplicado no Centro Superior de Música de Galicia.

Paula Gago

Naceu en Marín e comezou a súa andaina musical na Escola de Música da súa cidade natal.

Aprendeu de diferentes mestres e mestras a nivel internacional. A súa implicación e interese coa música de cámara levárona a realizar estudos de viola.

Actualmente forma parte de diferentes agrupacións, ademais de continuar o seu camiño como pianista, docente e pianista acompañante en diferentes master classes, concertos e institucións.